

O DIARIO FILOSÓFICO

O Diario Filosófico é un diario persoal, que non é o mesmo que un diario íntimo. Trátase dun diario no que resumimos o máis importante das clases, incluímos as nosas opinións, facemos algunhas disertacións sobre temas que xorden nas clases ou que nos interesan persoalmente, facémonos preguntas importantes e tentamos afondar nelas... Podemos, tamén, facer recensións de libros que nos gustan, recomendar cancións ou poemas, escribir sobre o que preocupa a todos os seres humanos ou a nós en particular... Trátase, en suma, de engadir a nosa propia visión do que é importante para o ser humano: o amor, a felicidade, a ética, a busca do sentido da vida, as relacións humanas, o respecto, a liberdade, a soidade, a vida, a morte, as emocións e os sentimentos.

O Diario Filosófico é un espazo seguro. Non temos que ler en voz alta o que escribimos nin compartir co resto da clase as nosas reflexións. A profesora pediranos sempre permiso para compartir co resto do alumnado aquilo que poida ser interesante e que estea especialmente ben escrito e teremos sempre a liberdade de compartilo ou non. O Diario Filosófico é a voz dos que non falan moito nas clases, pero teñen moito que dicir.

No Diario podemos discrepar, debater, argumentar pero sempre desde o respecto polos demais. Non todas as opinións son respectables, pero non debemos esquecer que todas as persoas teñen dereito a ser respectadas. Os límites do que escribamos son claros: A Declaración Universal dos Dereitos Humanos.

“Ninguén nace aprendido” é un dito con moita verdade. Ao principio custaranos un pouco saber que temos que facer ou si o estamos a facer ben. É totalmente normal, o importante é comezar. A profesora suxeriranos algúns contidos ou temas sobre os que reflexionar e pouco a pouco irémonos soltando e colléndolle o “truco” ao Diario Filosófico. O importante é a constancia e ter sempre a man un papel por si xorde unha idea. Como inspiración, podemos lembrar un poema de Antonio Machado que tamén podemos escoitar na canción de Joan Manuel Serrat (en Youtube a atopamos):

CAMINANTE NO HAY CAMINO

Caminante, son tus huellas
el camino y nada más;
Caminante, no hay camino,
se hace camino al andar.
Al andar se hace el camino,
y al volver la vista atrás
se ve la senda que nunca
se ha de volver a pisar.
Caminante no hay camino
sino estelas en la mar.